



ENTROIDO 2020 CARBALLO, 23 DE FEBREIRO

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

Entre o 21 e o 25 de febreiro terá lugar a festa do Entroido, unha das celebracións máis populares do ano. Co obxecto de dinamizar esta festa e potenciar a participación da cidadanía, o Concello de Carballo organiza un Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas que se regulan segundo as Bases que se indican a continuación.

PRIMEIRA.- Obxecto Co obxecto de promocionar unha das festas tradicionais máis importantes no noso Concello e recuperar unha das prácticas populares destas datas, o Concello de Carballo, a través da Concellaría de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas de Entroido.

SEGUNDA.- Data e lugar Este concurso celebrarase o domingo día 23 de febreiro ás 18.00 h. na Praza do Concello. Todos os participantes formarán parte do desfile que transcorrerá polas rúas próximas á Praza do Concello e rematará nesta Praza.

TERCEIRA.- Prazos e lugar de inscrición Poderán participar todas as persoas que se inscriban nos prazos e lugares que se indican:

INSCRICIÓN	
PRAZO	Comparsas e carrozas: Desde o xoves 6 de febreiro ao xoves 19 de febreiro
	Grupos, parellas e individual: Desde o xoves 6 de febreiro, ata o domingo 23 de febreiro.
LUGAR	Rexistro Xeral do Concello, preferentemente o situado no Pazo da Cultura >Rúa do Pan, s/n (de 11 a 13.30 h) T 981 704 300.
	Día 23: Praza do Concello (Só para grupos, parellas e individual). De 16.00 a 17.00 h

Será decisión do xurado admitir a participación de comparsas ou carrozas inscritas fóra de prazo, aínda que nese caso estas non terán dereito a recibir gratificación por participar.

CUARTA.- Categorias e Premios Establécense as seguintes categorías e modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as, que terán opción aos premios que se detallan a continuación:

PREMIOS			
CATEGORÍA	MODALIDADE	NÚMERO DE COMPOÑENTES	PREMIOS
INFANTIL (ata 14 anos)	COMPARSAS	A partir de 8 compoñentes	1º premio:250 € 2º premio:110 € 3º premio: 60 €
	GRUPOS	De 2 a 7 compoñentes	1º premio:100 €
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 90 € 2º premio: 70 € 3º premio: 50 €
ADULTOS (a partir de 14 anos)	CARROZAS	A partir de 15 compoñentes	1º premio:700 € 2º premio:400 €
	COMPARSAS	A partir de 10 compoñentes	1º premio:500 € 2º premio:250 €
	GRUPOS	De 2 a 9 compoñentes	1º premio:125 €
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 60 €
INFANTIL ADULTOS	OU PREMIO ESPECIAL "CHOQUEIRO DE BERGANTIÑOS"	Un compoñente non precisa inscrición específica) PARTICIPANTE INSCRITO EN CALQUERA DAS MODALIDADES (1º premio:100 €
	ACCÉSITS	A DISTRIBUÍR EN CALQUERA CATEGORÍA OU MODALIDADE	900€

O xurado poderá outorgar o premio especial "Choqueiro de Bergantiños" a calquera concursante que participe en calquera categoría ou modalidade do desfile. Polo tanto non precisa inscrición previa.

Atendendo á calidade dos disfraces presentados, poderanse entregar accésits en calquera das categorías ou modalidades por un importe máximo total de 900 €.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

Seguridade e materiais: Evitarase a utilización de calquera tipo de artigo pirotécnico. Recoméndase que se utilicen materiais ignífugos e non inflamables. No caso de que durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes no concurso que formen parte de dita carroza.

Definicións das modalidades:

Comparsas: Enténdese como comparsa un grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e de 10 compoñentes na de adultos, disfrazados dun mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que NON levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo.

Carroza: Considerarase carroza unha comparsa, cun mínimo de 15 compoñentes, acompañada dun ou varios vehículos sobre rodas, ben sexan autopropulsados ou remolcados, construídos ou decorados expresamente para o Entroido e convenientemente deseñada e decorada, cun tamaño mínimo de 2 metros de longo e 1 de ancho, e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo. Individualmente cada vehículo da carroza non poderá exceder os 4,00 metros de altura -medidos desde o chan-, 2,50 metros de ancho e 13 metros de longo, incluído o vehículo de arrastre. Acompañando cada vehículo, ademais do conductor, deberán ir un mínimo de 4 adultos.



ENTROIDO 2020 CARBALLO, 23 DE FEBREIRO

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

Os vehículos a motor deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e, tanto os vehículos como as carrozas deben cumprir coa normativa de seguridade aplicable e cos requisitos establecidos na folla de inscrición. Se algunha comparsa ou carroza contén algún elemento que poida supoñer un perigo para o público ou para os propios participantes, estes deberán comunicarllo á organización no momento da inscrición. O Concello velará polo cumprimento das medidas de seguridade.

Adhesión á modalidades ou categorías: En caso de dúbida, o xurado determinará se os participantes se adhíren á categoría de comparsa ou de carroza.

Se nunha das modalidades colectivas participan compoñentes de idades pertencentes a diferentes categorías (menores e maiores de 14 anos), o xurado decidirá a que categoría se adscriben, para o que terá en conta o número de membros de cada idade e a súa repercusión no grupo.

Se nunha modalidade dunha categoría participan menos de 5 concursantes, o xurado poderá constituír unha única modalidade que agrupe aos participantes da ambas categorías, incorporando á mesma os premios previstos en ambas.

Desenvolvemento do Desfile

Música: De maneira xeral, todos os participantes desfilarán coa música que dispoña a organización. Para manter a axilidade do desfile, no caso de que os concursantes interpretasen algunha copla, canción ou baile que supoña a parada do desfile, a súa duración máxima será de dous minutos para carrozas e comparsas, un minuto para grupos, e 30 segundos para disfraces individuais. Se os concursantes precisan música específica, entregarase á organización entre as 16.45 e as 17.00 h do día do desfile ou pen cun único tema/pista, gravado en formato música ou mp3. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a prevista pola organización.

Orde no Desfile: En función do espazo dispoñible e para o mellor desenvolvemento do desfile, a organización determinará o lugar de colocación e orde no desfile, dos participantes.

QUINTA.- Gratificacións á participación Co obxectivo de fomentar a participación, concederanse un máximo de 20 gratificacións, dun importe de 125 € para as comparsas de categoría infantil, 125 € para as comparsas de menos de 25 membros da categoría de adultos, 200 € para as comparsas de máis de 25 membros da categoría de adultos e de 250 € a cada unha das carrozas. Estas outorgaranse segundo a orde de inscrición, con posterioridade á comprobación pola organización e o xurado, no acto do desfile, de que cumpren co establecido nestas bases e sempre e cando o xurado considere que os participantes reúnen unhas características ou condicións mínimas de calidade.

Se o número de comparsas e carrozas participantes superan o número de gratificacións dispoñibles, poderá limitarse a un máximo de 2 gratificacións por cada entidade inscrita. As gratificacións entregaranse con posterioridade á celebración do concurso.

GRATIFICACIÓNS Concederanse un máximo de 20 gratificacións		
CATEGORÍA	MODALIDADE	GRATIFICACIÓN
INFANTIL	COMPARSAS	125 €
ADULTOS	COMPARSAS DE MENOS DE 25 MEMBROS	125 €
	COMPARSAS A PARTIR DE 25 MEMBROS	200 €
	CARROZAS	250 €

SEXTA.- Xurado O xurado será designado polo Concello de Carballo e del formarán parte representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade. A decisión do xurado será inapelable e adoptarse por maioría simple de entre os seus membros.

O xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile, para o que terá en conta a orixinalidade e singularidade dos participantes, os materiais de elaboración dos disfraces e carrozas, a confección e construción artesanal, a complexidade da elaboración, os acabados da proposta, así como a simpatía dos participantes, interpretación de cancións ou realización de coreografías ou representacións vinculadas aos disfraces. Nas modalidades de carrozas e comparsas valorarase, de maneira especial, a existencia ou non de coplas e a súa calidade.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa. Se nunha das modalidades non se entrega algún premio poderase destinar o seu importe a outra modalidade en calidade de accésit.

O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

SÉTIMA.- Pago de premios A adjudicación dos premios e gratificacións farase pública o mesmo día do desfile, unha vez se celebre a reunión do xurado, e aboaranse a continuación, exceptuando aqueles que poidan estar suxeitos á retención do IRPF (os superiores a 300 €), que se aboarán mediante transferencia bancaria nos días posteriores á celebración do Concurso.

Os beneficiarios de premios e gratificacións, non suxeitos a IRPF, deberán cobralos no prazo de 10 días desde a celebración do Concurso

OITAVA.- Responsabilidade dos participantes e seguridade Os participantes deberán cumprir coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puideran causar no transcurso do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, e eximen de responsabilidade ao Concello de Carballo. A participación no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, supón a total e plena aceptación destas bases.

Para que a inscrición sexa válida e requisito imprescindible ter entregada a solicitude de inscrición debidamente cuberta e a documentación que garanta o cumprimento das condicións de participación.